

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NA DELEGACIÓN DA XUNTA EN VIGO
O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se crea o Arquivo de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), para establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FAO, de conformidade co Acordo-Marco asinado entre España e a FAO o 27 de xaneiro de 2004.
- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Frades, para a execución da obra: "Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Pontecarreira. Concello de Frades (A Coruña)", clave OH.315.967, polo importe de un millón trescentos sesenta e seis mil doce euros con catorce céntimos (1.366.012,14 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a solicitante da achega de garantías reais suficientes na concesión dun aval por importe máximo de un millón cincuenta mil euros (1.050.000,00 €) a RUSSULA, S.A., Expediente nº AV/0675.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugardos, para a xestión de comedores escolares por un importe de cinco mil euros (5.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol, para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros de ensino público non universitario do concello, por un importe máximo de sesenta mil euros (60.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de proxectos de campus de excelencia internacional seleccionados mediante o procedemento previsto no capítulo III da Orde EDU/903/2010, do 8 de abril, por un importe total de cinco millóns trescentos mil euros (5.300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar e a Excelentísima Deputación da Coruña, para a atención de menores no centro residencial *Fogar Infantil Emilio Romay*, na Coruña, cunha contía total de trescentos sesenta e cinco mil euros (365.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar e a Excelentísima Deputación de Pontevedra, para a atención de menores no centro residencial *Ciudad Infantil Príncipe Felipe*, en Pontevedra, cunha contía total de setecentos trinta mil euros (730.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Camiña Social, para a atención dos menores en réxime de internamento no Centro educativo Monteledo, por un importe de un millón trescentos tres mil cincuenta euros (1.303.050,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Internacional O´Belén, para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no Centro de atención específica Montefiz, por un importe de oitocentos tres mil euros (803.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Camiña Social, para a atención dos menores en réxime de internamento no Centro educativo Concepción Arenal, por importe de un millón douscentos vinte e seis mil catrocentos euros (1.226.400,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Camiña Social, para a atención de menores no Centro de Intervención e Execución de medidas Xudiciais en Medio Aberto (CIEMMA- Coruña), polo importe de douscentos setenta e oito mil cincocentos euros (278.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Centro Trama, para a execución da medida xudicial de asistencia a Centro de Día así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores e a medida extraxudicial de reparación do dano en virtude do artigo 19 da mencionada Lei, por importe de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a *Asociación Dignidad-Lugo*, para a execución da medida xudicial de asistencia a Centro de Día así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, polo importe de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a *Asociación Arela*, para a execución da medida xudicial de asistencia a Centro de Día (*Centro de Atención de Día Arela- López Mora*) así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

responsabilidade penal dos menores, polo importe de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga, para o ano 2011, do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e a *Asociación Arela*, para a execución da medida xudicial de asistencia a Centro de Día (*Centro de Atención de Día Arela- Echegaray*) así como das outras medidas de medio aberto recollidas na Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, polo importe de oitenta e un mil cincocentos euros (81.500,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para o apoio á xestión e ao desenvolvemento sustentable nas reservas de biosfera de Río Eo, Oscos e Terras de Burón e Transfronteiriza Gerês-Xurés, por un importe total de tres millóns setecentos vinte mil euros (3.720.000,00 €).

INFORMES**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe do Instituto Galego de Consumo sobre resolucións arbitrais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da adxudicación do Novo Hospital de Vigo.
- Informe sobre a consolidación da Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia-Bibliosaúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a enquisa de ocupación de establecementos de aloxamento turístico regrado (INE outubro 2010 e resumo de xaneiro a outubro de 2010).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade. Galicia, 2010-2013.

APROBADO O DECRETO DE CREACIÓN DO ARQUIVO DE GALICIA DA CIDADE DA CULTURA QUE AUTORIZA A SÚA DENOMINACIÓN E DEFINE AS SÚAS FUNCIÓNS

- *O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o decreto de creación do Arquivo de Galicia adscrito á Consellería de Cultura e Turismo, que recolle as funcións, competencias, situación e medios persoais e materiais do edificio do monte Gaiás*
- *A creación do Arquivo de Galicia, no cal se integrará o denominado Arquivo Xeral da Administración de Galicia, responde á finalidade de recibir os documentos que teñan carácter histórico procedentes dos restantes arquivos do sistema unha vez identificados, valorados e seleccionados*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o decreto de creación do Arquivo de Galicia da Cidade de Cultura, adscrito á Consellería de Cultura e Turismo e que contempla as funcións, competencias, situación e medios persoais e materiais do edificio monte Gaiás.

A Lei do patrimonio cultural de Galicia contempla a existencia do sistema de arquivos de Galicia como a necesaria estrutura administrativa para organizar, xerarquizar e facilitar o cumprimento dos fins que os arquivos teñen encomendados e o patrimonio documental de Galicia demanda. Na actualidade, existe adscrita á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo unha unidade administrativa, con categoría de sección e carácter de arquivo intermedio, denominada Arquivo Xeral da Administración, que vén exercendo funcións de recepción e tratamento documental da documentación producida e acumulada polas consellerías e outros órganos dependentes da Xunta de Galicia.

Unha parte da documentación acumulada no Arquivo Xeral da Administración, e os fondos que se conservan en locais xestionados polas distintas consellerías e outros órganos administrativos, ten adquirido xa, transcorridos vinte e oito anos desde a creación da Xunta de Galicia, carácter histórico. Por isto, debe ser transferida a un arquivo de carácter histórico. Unha das principais misións que atinxen ao sistema de arquivos é identificar e valorar con criterios científicos os documentos producidos pola Administración para determinar aqueles que merecen conservarse de forma indefinida por formaren parte do patrimonio documental.

No seo do sistema, cómpre un arquivo que culmine a súa organización e reciba aqueles documentos que teñan carácter histórico procedentes dos restantes arquivos do sistema, administrativos e intermedios, unha vez identificados, valorados e seleccionados. A creación do Arquivo de Galicia, no cal se integrará o denominado Arquivo Xeral da Administración de Galicia, responde á finalidade de construír un centro que reúna as axeitadas condicións construtivas e funcionais para asegurar a conservación, tratamento e posta á disposición dos cidadáns e da Administración destes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

documentos, e que ao tempo posúa a necesaria dignidade arquitectónica para transmitir adecuadamente a relevancia da súa función.

Do mesmo xeito, o Arquivo de Galicia está chamado a representar a unidade do patrimonio documental de Galicia. Un patrimonio notable caracterizado pola súa antigüidade, diversidade de orixe, dispersión espacial e invisibilidade. A creación deste centro especializado permitirá difundir a súa existencia e darlle a visibilidade que merecen a uns bens ligados á existencia mesma da cultura de Galicia.

Funcións

O Arquivo de Galicia terá como funcións recibir os documentos procedentes dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades públicas dela dependentes cun ámbito territorial superior a unha provincia; recibir os documentos procedentes de organismos, institucións e entidades públicas de ámbito autonómico dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos, con independencia da súa antigüidade, e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral para a comunidade que se acorde depositar nel; programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do seu sistema de arquivos da Xunta de Galicia; organizar, describir e conservar os fondos documentais que custodien; coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia; facilitar o acceso aos documentos que custodie e á información neles contida nos termos que establece a lexislación; difundir por calquera medio os fondos documentais que custodie, e, en xeral o patrimonio documental de Galicia; establecer e desenvolver normas técnicas arquivísticas para o sistema de arquivos de Galicia.

XUNTA E FAO COOPERARÁN EN ACTIVIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DA AGRICULTURA, A PESCA E A ALIMENTACIÓN NOS PAÍSES MÁIS NECESITADOS

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun acordo marco de colaboración para realizar de forma conxunta proxectos de cooperación técnica*
- *Fundamentalmente centraranse na formación de bolseiros de cooperación exterior en programas e proxectos da FAO, así como no eido da formación pesqueira*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do Acordo Marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). A través deste acordo, ambas as institucións colaborarán na realización conxunta de actividades encamiñadas ao desenvolvemento da agricultura, a pesca, a alimentación, e a economía rural nos países máis necesitados.

Con este obxectivo, o acordo, que se enmarca dentro do asinado entre España e a FAO en xaneiro de 2004, recolle a realización conxunta de proxectos de cooperación técnica, tendo en conta que os requisitos para a execución de cada proxecto quedarán estipulados nos convenios de colaboración asinados para eses fins.

As actuacións principais previstas ao abeiro deste documento céntranse no eido da formación en cooperación ao desenvolvemento. Así, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE enviará aos seus bolseiros a programas e proxectos da FAO, así como a diversas actividades formativas realizadas nas súas oficinas rexionais. O obxecto desta iniciativa é que os futuros cooperantes completen a súa formación neste eido.

Doutra banda, tamén se recollen actividades no eido da formación pesqueira, no cal a Consellería do Mar xa traballa coa FAO co obxectivo de intensificar a colaboración nesta materia en beneficio dos países en desenvolvemento. Este fin aparece xa recollido nas metas e obxectivos de desenvolvemento definidos polas Nacións Unidas.

A sinatura do acordo marco aprobado esta mañá foi impulsada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que é o departamento competente na xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Pola súa banda, a FAO é un organismo especializado intergubernamental que ten como mandato acadar a seguridade alimentaria para todos e asegurar que as persoas teñan acceso regular a alimentos de boa calidade, que lles permitan levar unha vida activa e saudable. O seu obxectivo é mellorar a nutrición, aumentar a produtividade agrícola, elevar o nivel de vida da poboación rural e contribuír ao crecemento da economía mundial.

A XUNTA RENOVA A ORDE QUE ESTABLECE AS AXUDAS PARA PROXECTOS DE COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO

- *As axudas terán carácter bianual e contan cun orzamento de case 5 millóns de euros, o mesmo que no ano 2010*
- *Os países prioritarios para a execución dos proxectos son Bolivia, Ecuador, Perú, Haití, República Dominicana, Guatemala, O Salvador, Honduras, Nicaragua, Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique, así como a poboación saharai*
- *As actividades de educación para o desenvolvemento e proxectos consolidación e fortalecemento de ONGD deben levarse a cabo no territorio galego e ser executadas por ONGD*

O consello da Xunta aprobou esta mañá a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que establece o marco normativo que regulará as concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Os catro tipo de proxectos a que optan estas axudas son os proxectos no exterior executados polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD), os proxectos no exterior executados polos outros axentes de cooperación recoñecidos, as actividades de educación para o desenvolvemento realizados polas ONGD e os proxectos de consolidación e fortalecemento das ONGD. A convocatoria será bianual e conta cun orzamento de case 5 millóns de euros, polo que mantén a dotación orzamentaria das convocatorias deste ano respecto da convocatoria do 2010.

Dende o ano 2008, as bases reguladoras das convocatorias dos catro tipos de proxectos son publicadas conxuntamente nunha única orde de subvencións, e como novidade nesta presente convocatoria cabe resaltar que os proxectos non deben estar iniciados antes da data de publicación da convocatoria, sendo necesario que o inicio das actividades sexa no ano 2011. Ademais, a subvención distribúese entre os dous anos: para proxectos no exterior, o 35% en 2011 e o 65% en 2012, e para proxectos de educación ao desenvolvemento e de consolidación e fortalecemento de ONGD, o 40% en 2010 e 60% en 2011.

Os países prioritarios para a execución dos proxectos son os establecidos no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, é dicir: Bolivia, Ecuador, Perú, Haití, República Dominicana, Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua (en América), Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique, así coma a poboación saharai (en África). E as prioridades sectoriais transversais defínense de acordo coas que recolle o II Plan Director, tendo como principal novidade a consideración da interculturalidade como prioridade transversal.

Requisitos para a solicitude das subvencións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As entidades que soliciten estas subvencións para proxectos de cooperación deben estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, cun mínimo de 6 meses de antelación ao momento da publicación desta convocatoria.

Ademais, para os proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD, requírese que non recibisen en máis de catro ocasións axudas con cargo a esta convocatoria. Os proxectos non deben estar iniciados antes da data de publicación desta convocatoria, sendo necesario que o inicio das actividades sexa no ano 2011 e estar executados o máis tarde antes do 30 de novembro de 2012.

Os proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos outros axentes de cooperación (universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outras entidades con fins en cooperación) ademais dos requisitos que deben cumprir todos os proxectos, deben enmarcarse dentro duns específicos para cada un deles, senón non serán valorados.

As actividades de educación para o desenvolvemento e proxectos consolidación e fortalecemento de ONGD deben levarse a cabo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e ser executadas polas ONGD.

II Plan Director da Cooperación Galega

Estas catro convocatorias de axudas enmárcanse no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010. Na procura de dar cumprimento aos obxectivos apóstase por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, por unha cooperación máis selectiva, de maior impacto e presenza, concentrada xeográfica e sectorialmente, que redundará nunha maior visibilidade da cooperación galega.

Búscase tamén unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia, como son a cooperación en sectores en que Galicia pode ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos como a pesca, cooperación en países de fala lusófona ou naqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes.

O goberno galego aposta polo fortalecemento do sistema galego de cooperación a través da mellora das capacidades técnicas e operativas da propia Xunta e dos axentes de cooperación, especialmente das comunidades galegas no exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NO SANEAMENTO DO NÚCLEO DE PONTECARREIRA, NO CONCELLO CORUÑÉS DE FRADES**

- *Este proxecto solucionará o vertido de augas fecais non tratadas*
- *Con esta actuación será posible dotar os veciños dunha nova depuradora con capacidade para 600 habitantes, que incorporará unha planta de tratamento de lamas equipada cunha cámara centrífuga*
- *O prazo de execución do proxecto será de 24 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un investimento de preto de 1,4 millóns de euros no saneamento do núcleo de Pontecarreira, no concello coruñés de Frades; a través dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Frades.

Con esta actuación será posible dotar aos veciños dunha nova depuradora con capacidade para 600 habitantes, que incorporará unha planta de tratamento de lamas equipado cunha cámara centrífuga con capacidade para tratar todas as lamas procedentes do Concello de Frades.

As obras que se acometerán no referente á rede de augas residuais comprenderán a instalación de 5.250 metros de colectores, un bombeo de 1,7 kw de potencia e capacidade para tratar 3,5 l/s de augas residuais. O sistema de depuración contará cunha arqueta de desbaste de grosos, outra de desbaste de finos e un sistema de tratamento biolóxico. A cámara de tratamento de lamas contará cun equipamento de dosificación, así como un bombeo de lamas secas que permitirá a súa posterior eliminación.

As obras referentes á rede de pluviais comprenderá a instalación dunha rede de colectores de preto de 2.000 metros de lonxitude, que verterán ao regato do Porto. Cómpre dicir que tanto esta rede como a de saneamento discorren paralelas; aínda que as residuais irán baixo a beirarrúa e as pluviais baixo a zona de aparcadoiro.

A Consellería de Medio Ambiente comprométese a financiar a totalidade da actuación, mentres que o Concello de Frades entregará os terreos necesarios para a execución das obras libres de cargas e gravames e comprométese ao mantemento das instalacións unha vez que estean rematadas.

O prazo de execución do proxecto será de 24 meses.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA MEDIANTE UN AVAL POLO IMPORTE DE UN MILLÓN DE EUROS UN PROXECTO DE RUSULA EN MÉXICO CIFRADO EN MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- *A operación de aval autorizada polo Consello da Xunta vén prorrogar outra polo mesmo importe e non incrementa o risco asumido polo Igape con esta empresa, que emprega 85 traballadores*
- *O proxecto consiste na instalación dunha planta de abastecemento de augas con tecnoloxías desenvolvidas integramente en Galicia, mediante a colaboración entre a propia empresa e a Universidade da Coruña*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e mediante a concesión dun aval polo importe de un millón de euros, o desenvolvemento pola empresa Russula, S.A. dun proxecto en México cifrado en máis de 10 millóns de euros. Con sede en A Coruña, a empresa Russula ten un cadro de persoal integrado por 85 traballadores.

O aval que vén de autorizar o Consello da Xunta, polo importe de 1.050.000 euros, está destinado a garantir o 70% dunha operación de financiamento de 1,5 millóns que precisa a empresa galega para desenvolver o seu proxecto, consistente na instalación dunha planta de tratamento de augas para Altos Hornos de México en Monclova, Coahuila (México). O deseño do tratamento a aplicar nesta planta foi desenvolvido integramente en Galicia, mediante a colaboración entre a propia empresa e a Universidade da Coruña

Para financiar este proxecto, o Igape concedeu a Russula, S.A., en febreiro de 2009, un aval por importe máximo de 1.050.000 €, cun prazo de vixencia máximo de 18 meses. A operación, formalizada en abril do pasado ano, venceu o pasado mes de outubro, antes de que se puidese habilitar a prórroga de vixencia en 12 meses solicitada pola firma para poder executar o seu proxecto, que viu adiado o calendario inicial previsto; a atraso de obras previas impediu a Russula a instalación e posta en marcha da planta de tratamento de augas nos prazos estimados en principio.

A operación agora autorizada, previamente declarada de especial interese socioeconómico para Galicia pola Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, permite a concesión dun aval destinado a substituír o anterior para o mesmo fin. A concesión deste aval non supón asumir un maior risco para o Igape.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña xeral de avais do Igape é un instrumento fundamental para que as empresas galegas poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar a longo prazo os seus pasivos a curto prazo. Deste xeito, o Goberno galego comparte os riscos dos empresarios con proxectos viables aprobando avais para que consigan o financiamento bancario que precisan.

EDUCACIÓN SUBVENCIONARÁ O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA 425 COMENSAIS DOS CONCELLOS DE FERROL E MUGARDOS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ferrol e Mugardos para a subvención do servizo de comedor escolar en 9 centros educativos.

Grazas á colaboración económica da Consellería de Educación, os alumnos e alumnas destes comedores poderán seguir utilizando este servizo, malia a decisión de FEANPAS de non continuar coa súa xestión, concretamente nos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdías, San Xoán de Filgueira, Esteiro, e Pazos, e no CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte, todo eles do Concello de Ferrol; así como CEIP Unión Mugardesa, do de Mugardos.

Ao abeiro destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús de 425 comensais durante todo o curso escolar, para o que achegará un total de 65.000 euros. Pola súa banda, os concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, a repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

De acordo coa estratexia de fomento dos hábitos alimentarios saudables que mantén a consellería, os menús deberán ser equilibrados. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

Ferramenta de conciliación

Con estes acordos a consellería contribúe á conciliación da vida familiar e laboral daquelas familias ás cales, por non seren usuarios de transporte escolar, non lles correspondería o servizo de comedor escolar subvencionado no seu centro educativo. Ademais, a Consellería de educación mantén convenios en termos similares cos concellos de Narón, Muíños e O Bolo.

Non en balde, o comedor naceu nas escolas como unha ferramenta para facilitar a xornada lectiva ás alumnas e alumnos do rural, evitándolles longos desprazamentos á hora do xantar que poderían minguar o seu rendemento académico. Con posterioridade, e adaptándose ao ritmo de vida dos nosos días, o comedor escolar foise incorporando progresivamente en outros centros como ferramenta de gran axuda para a conciliación da vida laboral e familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

EDUCACIÓN ASINA UN CONVENIO CO MINISTERIO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE CAMPUS DE EXCELENCIA INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O Campus do Mar “Knowledge in depth”, con representación das tres universidades galegas, recibirá 5,3 millóns de euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración co ministerio do ramo para o financiamento do proxecto de Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar “Knowledge in depth”, coordinado pola Universidade de Vigo, seleccionado o pasado 21 de outubro pola Secretaría General de Universidades do Goberno central como merecedor dunha axuda de 5,3 millóns de euros. Pola súa banda, a Consellería de Educación comprométese a reembolsar esta cantidade nun prazo máximo de 15 anos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio, polo que o ministerio concede á Consellería de Educación un crédito de 5,3 millóns de euros, que irá destinada a executar as actividades previstas na iniciativa Campus do Mar “Knowledge in depth”.

En todo caso, este préstamo será compatible con subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos con que poida ser financiado o Campus do Mar, sempre e cando a suma das cantidades obtidas non supere o custo total da actividade que se incentiva.

O proxecto coordinado pola Universidade de Vigo é o segundo en Galicia en acadar o recoñecemento de campus de excelencia internacional, o que representa o triunfo da unión entre as tres universidades galegas nun proxecto común que integra a I+D+i, a empresa, e a excelencia arredor dos eidos mariño e marítimo”.

Coa sinatura deste convenio a Xunta de Galicia demostra o seu apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), que se afianza con este recoñecemento como un referente a nivel internacional en calidade de ensino, no marco desta nova etapa que constitúe o Espazo Europeo de Educación Superior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR DESTINARÁ MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTENIMENTO DE 290 PRAZAS PARA A ATENCIÓN DE MENORES EN GALICIA**

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a prórroga ou renovación de convenios de colaboración con diversas entidades para o mantemento de prazas de atención a menores que se atopan tutelados ou en situación de garda pola Xunta ou en situación de conflito social*
- *Por unha banda, o Goberno galego prorrogará os convenios de colaboración coas asociacións Fundación Camiña Social, Centro Trama, Dignidad Lugo e Arela para o mantemento de 56 prazas de atención a menores con medidas xudiciais en réxime medio aberto e doutras 84 prazas en réxime de internamento*
- *Así mesmo, a Xunta destinará máis dun millón de euros para o mantemento de 150 prazas de atención a menores en situación de desprotección*
- *A finalidade desta actuación é acadar unha asistencia integral para os menores tutelados*
- *A tutela pódese exercer a través da estadía en centros ou do acollemento familiar*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 5 millóns de euros en 2011 ao mantemento dun total de 290 prazas para a atención de menores en diversos centros situados en Galicia. Así o vén de autorizar hoxe o Consello da Xunta que na súa reunión semanal deu o visto e prace á prórroga ou renovación de dez convenios para o mantemento de prazas en centros de menores de protección e con medidas xudiciais de internamento o réxime aberto.

Por una banda, para os centros de protección, a Xunta destinará máis dun millón de euros para o mantemento de 150 prazas de atención a menores que se atopan tutelados ou en situación de garda pola Administración autonómica.

Neste eido, a Consellería de Traballo e Benestar renovará en 2011 dous convenios de colaboración, un coa Deputación da Coruña para o mantemento de 50 prazas (40 en réxime de internado e 10 de atención de día integral) para a atención de menores no centro residencial Fogar Infantil Emilio Romay e outro coa Deputación de Pontevedra para o concerto de 100 prazas (75 en réxime de acollemento residencial e 25 en réxime de atención de día) no centro Príncipe Felipe de Pontevedra.

Acollemento familiar

No ámbito da protección, a Xunta de Galicia está a desenvolver unha aposta integral polo acollemento familiar. Os menores tutelados pola Xunta teñen dúas vías para a súa atención, en centros ou a súa estadía en familia. O Goberno galego está a potenciar o acollemento familiar, que é aquel recurso de protección temporal, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun/dunha neno/a ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A aposta da Xunta pola infancia e por contribuír á mellora dos dereitos dos nenos reflectiuse este ano en diversas modificacións que desenvolveu no programa de acollemento familiar, co fin de axilizar tanto a súa tramitación como o pagamento das retribucións para as familias que as reciban. Esta iniciativa busca favorecer o proceso tanto para os menores, como para as unidades familiares que os acollen, xa que é unha das modalidades de execución da garda dos menores por parte da Administración.

Execución de medidas xudiciais

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou a prórroga de oito convenios de colaboración para o mantemento de prazas de atención de menores con medidas xudiciais. Neste eido hai que distinguir entre centros de internamento e centros con medidas xudiciais en medio aberto.

No eido dos centros con réxime de internamento prorrogáronse os convenios de colaboración coa Fundación Camiña Social para o mantemento de 30 prazas no Centro educativo Monteledo e para 32 prazas no Centro educativo de Concepción Areal; coa Fundación Internacional O Belén para 22 prazas no Centro de atención específica Montefiz; Estes convenios foron asinados entre os anos 2001 e 2008 pola Xunta de Galicia. En total son 84 prazas e un investimento de máis de 3,3 millóns de euros.

Por outro lado, con respecto á atención de menores con medida xudiciais en réxime medio aberto autorizouse a sinatura para a prórroga dos convenios de colaboración coas asociacións Fundación Camiña Social, Centro Trama, Dignidad-Lugo e Arela para a atención de menores con medidas xudiciais en réxime medio aberto. Para esta actuación, o departamento autonómico destinará preto de 605.000 euros. Trátanse todos eles de convenios asinados pola Xunta entre os anos 2004 e 2008.

En concreto, a Xunta manterá un total de 56 prazas para a atención de menores con medidas xudiciais en medio aberto. Así, a Administración autonómica concertará 10 prazas para a atención de menores no Centro de intervención e execución de medias xudiciais en medio aberto, Ciemma da Coruña; outras 10 prazas no Centro de día do Centro Trama de Ourense; 12 prazas no Centro de día que xestiona o colectivo Dignidad- Lugo; 12 prazas máis no Centro de atención de día Arela-López Mora de Vigo e outras tantas no Centro de día Arela-Echegaray de Pontevedra.

A finalidade desta actuación é acadar unha asistencia integral para os menores con problemas de adaptación social. O procedemento de reinserción do menor persegue unha socialización axeitada e a adquisición das habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración. Os menores que acudan a estes centros desenvolven actividades de apoio, educativas, formativas, laborais e de lecer para a súa inserción.

MEDIO RURAL E MINISTERIO ASINARÁN UN CONVENIO PARA O APOIO E DESENVOLVEMENTO DE DÚAS RESERVAS GALEGAS DA BIOSFERA

- *Trátase das reservas de Río Eo, Oscos e Terras de Burón e da Transfronteiriza Gerês-Xurés*
- *O orzamento total ascende á 3.720.000 euros, dos cales 1.860.000 euros son achegados pola Consellería do Medio Rural*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para o apoio á xestión e ao desenvolvemento sustentable nas reservas de biosfera de Río Eo, Oscos e Terras de Burón e Transfronteiriza Gerês-Xurés, por un importe total de 3.720.000 euros.

Medio Rural como ente xestor da Reserva da Biosfera de Río Eo, Oscos e Terras de Burón e da Transfronteiriza Gerês-Xurés (incluída na Rede Española de Reservas de Biosfera) ten prevista a realización dunha serie de actuacións encamiñadas a mellorar o seu estado de sustentabilidade, pretendendo incidir especialmente sobre a mellora de intercambios de información e comunicacións, conservación de hábitats e integración da poboación local e das partes interesadas no seu desenvolvemento.

Financiamento

O orzamento total para a realización do presente convenio de colaboración ascende á 3.720.000 euros, dos cales a Consellería do Medio Rural achega o 50%, é dicir, 1.860.000 euros. As actuacións contempladas deberán estar finalizadas o 30 de setembro de 2013 para poder ser analizadas e revisadas pola comisión de seguimento con anterioridades ao 31 de decembro de 2013.

Actuacións

No tocante á Reserva da Biosfera de Río Eo, Oscos e Terras de Burón, levaranse a cabo medidas para mellorar a conectividade fluvial e os hábitats forestais; recuperación dos hábitats da marisma; eliminación de especies invasoras e redución dos problemas xerados polo uso público. Para unha maior difusión da reserva, elaborárase información en soporte papel (como guía didáctica, folletos, pósters) sobre os obxectivos e características do programa MaB da Unesco e das reservas galegas da biosfera; e procederáse á elaboración dunha páxina web sobre elas. O orzamento total destinado á esta Reserva ascende á 1.720.000 euros.

Canto á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, procederáse ao intercambio de información e traballo en rede con reservas de biosfera nacionais; restauración ambiental de zonas degradadas pola acción humana; conservación de hábitats prioritarios e poboacións de flora e fauna ameazadas ou vulnerables; equipamentos de novas tecnoloxías en localizacións exteriores da reserva; obras, infraestruturas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

actuacións para o fomento do desenvolvemento sustentable; mellora da accesibilidade en áreas da reserva e integración da poboación local e das partes interesadas no desenvolvemento da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés. A dotación orzamentaria total destinada para estas actuacións ascende á 2.000.000 euros.

O PLAN DE CHOQUE DE ARBITRAXE DE CONSUMO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA TRIPLICA O NÚMERO DE RESOLUCIÓNS EXTRAXUDICIAIS DE CONFLITOS

- *O número de laudos arbitrais contabilizados no primeiro semestre de 2010 medra nun 317% con respecto ao mesmo período de 2009*
- *Estes datos acadáronse grazas á potenciación de arbitraxes unipersoais e por grupos de empresas e materias, implicando as tres universidades galegas na xestión da arbitraxe e aumentando o número de audiencias arbitrais a unha media de tres semanais nas sete sedes do IGC, por riba da audiencia semanal anterior herdada*
- *O esforzo e a estratexia da Consellería de Economía e Industria na posta en marcha do Plan de Choque de Arbitraxe de Consumo 2010 conquistou tamén unha notable redución dos tempos de resolución dos conflitos extraxudiciais*

O Plan de Choque de Arbitraxe de Consumo posto en marcha pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Consumo acadou un incremento do 317% no número de laudos arbitrais ditados durante o primeiro semestre de 2010 con respecto ao mesmo período de tempo do ano 2009, cun total de 2.480 resolucións extraxudiciais.

Así o reflicte un informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta e elaborado polo Instituto Galego de Consumo da Consellería de Economía e Industria, no que se salienta, ademais, que estas cifras implican a superación, de sobra, do obxectivo marcado de incrementar nun 35% o número de laudos arbitrais, mantendo ademais a estabilidade no número de reclamacións, que apenas se viu incrementado no primeiro semestre do ano, evitando que estes conflitos menores acaben na xustiza ordinaria.

Estes datos acadáronse grazas á potenciación de arbitraxes unipersoais e por grupos de empresas e materias, priorizando sectores como o das telecomunicacións, implicando as tres universidades galegas na xestión da arbitraxe e aumentando o número de audiencias arbitrais a unha media de tres semanais nas sete sedes do IGC, por riba da audiencia semanal anterior.

O esforzo e a estratexia da Consellería de Economía e Industria na posta en marcha do Plan de Choque de Arbitraxe de Consumo 2010 conquistou tamén unha notable redución dos tempos de resolución dos conflitos extraxudiciais entre consumidores e empresas, moi por debaixo dos atascos herdados de até dous anos, un tempo incompatible con este sistema de resolución de conflitos.

O departamento que dirixe Javier Guerra puxo en marcha este Plan de Choque desde o convencimento de que a arbitraxe de consumo é a mellor vía de resolución de conflitos entre consumidores e empresarios, unha vez pechada a vía de mediación, porque supón un aforro de custos, garante a protección os cidadáns, mellora a percepción cidadá da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

intermediación da Administración e evita a saturación da xustiza ordinaria no ámbito civil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**SANIDADE CUMPRE O COMPROMISO ADQUIRIDO DE ADXUDICAR O NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE VIGO, QUE SERÁ CONSTRUÍDO NUN PRAZO MÁXIMO DE 31 MESES**

- *Vigo contará cun hospital 100% público e moderno, pioneiro en sustentabilidade, primeiro hospital de España con clasificación enerxética A e certificación LEED*
- *Conta cunha garantía de retorno da infraestrutura en condicións óptimas, co compromiso da adxudicataria de investir 73 millóns de euros en reposicións*
- *O canon máximo anual para o Novo Hospital público de Vigo quedou fixado en 56,5 millóns de euros*
- *O novo modelo concesional permitirá un aforro de máis de 60 millóns de euros só no que atinxe aos servizos non sanitarios durante os 20 anos da concesión*
- *Os requisitos principais na súa construción son acurtar prazos e non aumentar o déficit do Goberno*
- *A edificación do hospital significará a creación directa e indirecta de 2.400 postos de traballo de forma inmediata*
- *O novo hospital contará con 1.465 camas, 35 quirófanos, 160 consultas externas, e 62 salas de diagnóstico por imaxe*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou esta mañá ao Consello da Xunta da adxudicación do novo hospital público de Vigo á UTE formada por Acciona, Puentes e Calzadas Grupo de Empresas, Altair Ingeniería e Aplicación, Concessia Cartera e Xestión de Infraestructuras, Obras Caminos e Asfaltos. Cúmrese así o compromiso adquirido de adxudicar este centro antes de que remate o ano 2010.

O canon máximo anual para o Novo Hospital público de Vigo quedou fixado en 56,5 millóns de euros mediante a modalidade de pagamento por dispoñibilidade, que permitirá contar cun prazo máximo de construción de 31 meses e que revertirá na Administración aos 20 anos.

Ademais da disposición inmediata para iniciar a obra e do prazo máximo para dispoñibilidade do hospital de 31 meses, entre outras vantaxes destaca que será un edificio pioneiro en sustentabilidade, é dicir, o primeiro hospital de España con clasificación enerxética A e certificación LEED; respectuoso co ambiente cunha redución dun 11% das emisións de CO₂; e cunha garantía de retorno da infraestrutura en condicións óptimas: compromiso da adxudicataria de investir 73 millóns de euros en reposicións.

A modalidade de concesión é un modelo eficiente para os intereses da Administración. Así, actualmente os servizos non sanitarios xa concesionados na área sanitaria de Vigo teñen un custo anual superior aos 27 millóns de euros. Co novo hospital, os mesmos servizos non sanitarios, terán un coste anual de 24,2 millóns de euros. É dicir, con este modelo, a Administración sanitaria permitirá un aforro de máis de 60 millóns de euros só neste concepto durante os 20 anos de concesión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Esta modalidade de pagamento por dispoñibilidade permitirá ao Goberno autonómico abordar de forma inmediata a construción do novo hospital público de Vigo e comezar a pagalo cando se dispoña da infraestruturas. Mediante este sistema garántese que en tres anos vai estar construído o novo hospital público e asegúrase o acceso gratuíto e universal a todos os cidadáns desta área sanitaria. Ao mesmo tempo, maximízase a eficiencia orzamentaria, xa que non se incrementa o déficit público.

O adxudicatario encargárase da redacción do proxecto técnico no marco do proxecto básico aprobado, da construción, e da dotación inicial das instalacións, mobiliario xeral, e equipamento básico (non médico), así como da prestación de servizos incluídos no perímetro concesional, cunha calidade óptima recollida nos pregos; o incumprimento desta calidade suporá unha penalización para a empresa concesionaria. Así, nas especificacións técnicas inclúense aspectos como horarios, recursos materiais, control de calidade (establece os sistemas de inspección e control que realizará a Administración para comprobar a calidade do servizo prestado), e as deducións por defectos na calidade e/ou prestación do servizo.

A concesión dos servizos non clínicos e as explotacións comerciais (entre outros limpeza, seguridade e vixilancia, lavandaría e lenzaría, restauración, mantemento, transporte interno e externo, subministro e xestión enerxética, central de abastecemento e tratamento de auga, reprografía e imprenta, conservación de vías e xardíns, locais comerciais, aparcadoiros ou gardaría).

Antecedentes da adxudicación

Entre outras tramitacións previas, no primeiro semestre deste ano someteuse a información pública o Estudo de Viabilidade Económico Financeira deste proxecto e xa quedaron publicados no *Diario Oficial de Galicia* os pregos do concurso para o contrato de concesión de obras públicas para a redacción do proxecto de execución, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos.

Así mesmo, o pasado mes de outubro rematou o proceso de expropiación dos terreos para a construción do futuro hospital.

Dende o inicio da lexislatura, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde realizáronse todos os trámites necesarios e axilizouse ao máximo os prazos cun obxectivo inequívoco: que os cidadáns de Vigo e de Pontevedra teñan os hospitais públicos que precisan no menor tempo posible.

Mellora na dotación de camas e tecnoloxía

A futura infraestruturas mellorará a dotación de camas e tecnoloxía -quirófanos, áreas de diagnóstico, etc.- en Vigo. A súa construción, ademais, permitirá dinamizar a economía nun momento de especial dificultade, xa que a edificación do hospital significa a creación directa e indirecta de 2.400 postos de traballo de forma inmediata.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O novo hospital de Vigo vertebrará nesta área sanitaria a asistencia xeral e materno-infantil, cun alto grao de especialización. Funcionará como referencia rexional e contará con porta de urxencias única.

Este centro sanitario contará cun total de 1.465 camas, Tamén disporá de 35 quirófanos, 160 consultas externas, e 62 salas de diagnóstico por imaxe.

Das máis de 1.450 camas, 1.079 estarán dispoñibles para a hospitalización convencional e outras 386 para outras unidades. As unidades de obstetricia contarán con 143 camas, as de psiquiatría con 66 (para hospitalización de agudos); as de pediatría con 160, e coidados paliativos con 111. Respecto da UCI polivalente/cardioloxía, contará con 60 camas dispoñibles, e outras 28 en UCI pediátrica. Un total de 255 son para unidades polivalentes médicas e 256 para unidades polivalentes cirúrxicas, mentres que as restantes 386 destinaranse a outras unidades, entre outros datos.

BIBLIOSAÚDE PERMITE AOS PROFESIONAIS SANITARIOS DO SERGAS PODER ACCEDER Á INFORMACIÓN NUN TEMPO MENOR E DISPOÑER DUN NÚMERO INFINITAMENTE MAIOR DE RECURSOS TÉCNICOS

- *A biblioteca do sistema público de saúde de Galicia está plenamente consolidada e ten un uso diario moi importante*
- *Na actualidade, Bibliosaúde ofrece servizo, durante as 24 horas do día, a todos os hospitais do Sergas e a todos os centros de atención primaria*
- *O número de accesos a bibliosaúde entre xaneiro e outubro de 2010 foi de 10.403.216*

Bibliosaúde, a biblioteca virtual do Sistema Pública de Saúde, naceu como proxecto para cambiar o sistema existente, as bibliotecas presenciais existentes nos centros hospitalarios, a outro sistema en que se estendía o acceso á información a todos os centros sanitarios. Por tanto, grazas a Bibliosaúde, ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade a información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación.

Isto é posible grazas ao desenvolvemento dos sistemas e tecnoloxías da información, que posibilitan acometer un proxecto desta amplitude e facilitar o achegamento de información virtual a todos os centros sanitarios. Na actualidade, a biblioteca virtual está plenamente consolidada e ten un uso diario moi importante, podendo acceder a ela non só os profesionais sanitarios, senón, tamén, os médicos en prácticas, constituíndo, así mesmo, unha axuda importante para a formación dos futuros profesionais.

A existencia de Bibliosaúde permite, por un lado, que os profesionais podan acceder á información nun tempo menor, e, por outro, que co acceso virtual dispoñan dun número infinitamente maior de recursos técnicos. En consecuencia, a formación e cualificación técnica dos profesionais sanitarios vai repercutir positivamente na súa actividade diaria en relación coa saúde da cidadanía.

Na actualidade, Bibliosaúde ofrece servizo, durante as 24 horas do día, a todos os hospitais do Sergas, a todos os centros de atención primaria e, ademais, aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados.

Todo o persoal do Sergas dispón de acceso á biblioteca virtual dende a Intranet ou desde a Internet. Así mesmo, pódese acceder a coleccións de revistas médicas a texto completo, libros e bases de datos, e dispón dun servizo de petición de artigos, busca bibliográfica, catálogo de libros on-line, etc.

Liñas de traballo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Entre as liñas de traballo en que está a desenvolver o seu labor Bibliosaúde para os vindeiros anos está a normalización das estatísticas; a potenciación de indicadores de actividade e calidade; os plans de formación on-line e presencial; a normalización de guías tutoriais en flash e Captitave; a difusión da biblioteca virtual (revistas médicas da comunidade, presenza en xornadas de profesionais da sanidade, etc.); o deseño de conservación da colección de recursos de revistas, libros e fondos documentais; a creación dun novo espazo dirixido a xestores e administradores e, ademais, o acceso a Bibliosaúde a través do móbil, e Bibliosaúde na Web Social 2.0.

Sinalar, por último, que o número de accesos a bibliosaúde entre xaneiro e outubro de 2010 foi de 10.403.216, cifra que en 2009 fora de 9.555.474. Así mesmo, cómpre sinalar que, na actualidade, o número total de recursos a que se accede grazas a esta ferramenta informática é de 3.895 títulos de revistas científicas, 196 libros electrónicos e 29 bases de datos bibliográficas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**GALICIA REXISTROU UN AUMENTO DE ENTRE O 13 E O 13,6% NO VOLUME DE VIAXEIROS E PERNOITAS NOS ESTABLECEMENTOS REGRADOS CON RESPECTO AO MESMO PERÍODO DO ANO ANTERIOR**

- *Os datos contrastan coa media nacional, onde as cifras, tanto de viaxeiros como de pernoitas, se situaron ao redor do 9,1%. A comparativa co último Xacobeo 2004 ofrece tamén aumentos do 6,1% e do 9,5% nos viaxeiros e pernoitas, respectivamente, da oferta regrada.*
- *No acumulado do ano, de xaneiro a outubro, a nosa comunidade contabilizou un aumento do 12% do volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros e extrahoteleiros.*

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, presentou ao Consello da Xunta de Galicia os últimos datos turísticos da comunidade referidos tanto ao mes de outubro como ao acumulado do ano dende xaneiro ata ese mesmo de outubro, segundo os últimos datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE). O informe do INE revela que Galicia rexistrou en outubro un incremento do 13% do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade con respecto ao mesmo período do ano pasado. Este aumento tamén se reflectiu nas pernoitas, cunha suba do 13,6%.

Os incrementos nestas dúas variables, viaxeiros e pernoitas é superior á rexistrada a nivel nacional, onde o volume de viaxeiros en outubro quedou nun 9,16% e as pernoitas nun 9,13%. A comparativa co último Xacobeo 2004 ofrece tamén aumentos notables. Deste xeito, o volume de viaxeiros aloxados na oferta regrada foi en outubro dun 6,1% máis, e o das pernoitas dun 9,5%. Canto ao segmento de establecementos hoteleiros, Galicia rexistrou no mes de outubro un aumento do volume de viaxeiros do 12,9% respecto do mesmo período do ano pasado. As pernoitas situáronse nun 13,6% máis respecto a outubro de 2009. Son os mellores datos de outubro dos últimos anos, pois nunca antes se rexistraran tales cifras de volume de demanda turística xustamente neste mes. As variacións interanuais en relación ao último Ano Santo foron do 4,9% no que atinxe ao volume de viaxeiros e do 9% no tocante ás pernoitas.

Este comportamento vén ratificar unha tendencia de crecemento continuo rexistrado desde marzo deste ano, período no que as cifras de demanda turística hoteleira superan, mes a mes, os niveis tanto do pasado ano como do último ano Xacobeo 2004, en porcentaxes que na maioría dos casos pasan do 10%. No tocante aos establecementos extrahoteleiros (apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural) Galicia contabilizou en outubro un incremento do volume de viaxeiros aloxados do 15,3% respecto de outubro de 2009. A suba no caso das pernoitas situouse no 14,5%. Estes datos contrapóñense coa situación estatal, onde o volume de viaxeiros se situou só no 8,13% e o das pernoitas no 6,23%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As cifras que desvela o informe do INE en comparación co último Xacobeo 2004 tamén reflicten melloras considerables neste punto. Así, o aumento do volume de viaxeiros en establecementos extrahoteleiros foi do 27,3% e o das pernoitas do 17,7%.

Por categorías, os acampamentos e os establecementos de turismo rural foron os que rexistraron un comportamento máis positivo. Respecto aos primeiros, Galicia rexistrou un aumento do volume de viaxeiros aloxados nestes do 21,6% respecto ao mesmo período do ano pasado. As pernoitas referentes aos cámpings rexistraron tamén unha suba do 24,8% en relación a outubro do ano 2009. A comparativa coa media nacional tamén reflicte un comportamento moi positivo para o caso galego, xa que en España o volume de viaxeiros aloxados en acampamentos respecto do ano pasado descendeu un 0,26% e o das pernoitas situouse nun 7,33%.

En segundo lugar, os establecementos de turismo rural contabilizaron en outubro un aumento do 19,4% respecto do mesmo período do ano pasado, mentres que as pernoitas rexistraron un aumento aínda maior, do 22,2%. Estes datos amosan subas maiores tamén respecto á media nacional, que se situou nun 8,09% e nun 8,74%, no caso dos viaxeiros e das pernoitas, respectivamente. Respecto ao Xacobeo 2004, o volume de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural foi do 24,6% e o das pernoitas do 17,4%.

Acumulado do ano

No período que vai de xaneiro a outubro deste ano a nosa comunidade contabilizou un aumento do 12% do volume de viaxeiros aloxados en establecementos regrados (establecementos hoteleiros e extrahoteleiros). Estes datos contrapóñense coa situación a nivel nacional, onde volume de viaxeiros e pernoitas se situaron nun 5,99%.

A variación interanual con respecto ao último Xacobeo 2004 tamén foi moi positiva, xa que se acadou unha suba do 5,1% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos regrados.

O estudo pormenorizado dos establecementos hoteleiros no período xaneiro-outubro plasma uns incrementos do 12,4% no volume de viaxeiros respecto aos dez primeiros meses de 2009, e do 10,6% no das pernoitas. A comparativa co último Xacobeo 2004 sitúase practicamente parella no caso de viaxeiros e pernoitas, concretamente cunha suba do 4,2% e do 4,9%, respectivamente.

Analizando os establecementos extrahoteleiros (apartamentos, acampamentos e turismo rural) o informe revela que Galicia rexistrou un incremento do 9,1% do volume de viaxeiros respecto dos dez primeiros meses de 2009, e dun 3,3% no que se refire ás pernoitas. Esta situación contrasta coa media nacional, que quedou nun 3,45% e nun 1,44% de aumento, no caso do volume de viaxeiros e pernoitas, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A comparativa dos establecementos extrahoteleiros neste Ano Santo respecto do anterior Xacobeo 2004 reflicte un comportamento positivo, con subas do 12,7% e do 11,3% no caso de viaxeiros e pernoitas aloxados en apartamentos, acampamentos e establecementos de turismo rural.

Por categorías, e tendo en conta a análise con respecto ao 2009, apartamentos, cámpings e establecementos de turismo rural amosan subas moi significativas no volume de viaxeiros e pernoitas. Así, o turismo rural rexistra incrementos do 10,3% no volume de viaxeiros e do 5,7% no das pernoitas; os acampamentos, do 7,9% e do 2,1% respectivamente, e os apartamentos, un 10,4% e un 4,6%.

Prezos e rendibilidade empresarial

Dentro da análise que realiza o INE, os prezos hoteleiros rexistraron no mes de outubro amosan tamén un aumento do 1,8%, circunstancia que se contrapón ao observado no conxunto estatal, onde caeron de media un 1,4%.

A facturación por habitación ocupada creceu nese mesmo mes un 6,3% en relación ao mesmo período de 2009. A nivel nacional a cifra situouse tan só nun 1,3%. A nosa comunidade rexistra neste caso a segunda cifra de crecemento máis elevada das comunidades autónomas de España, por detrás neste caso de Cataluña

Por outra parte, os ingresos medios por habitación dispoñible incrementáronse un 18,8%, mentres que a nivel nacional este indicador amosa só un crecemento do 7,3%.

Trátase dunha dinámica que se vén observando dende marzo e abril deste ano. O mes de outubro é o oitavo mes consecutivo en que se rexistra unha mellora da rendibilidade do sector medida a partir dos ingresos medios por habitación dispoñible, rexistrando o maior dos incrementos do ano.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO PLAN DE DISCAPACIDADE, QUE RECOLLE PRETO DE 300 MEDIDAS PARA REFORZAR A VISIBILIDADE E SERVIZOS A ESTE COLECTIVO

- *O Goberno galego vén de aprobar hoxe este proxecto, que prevé actuar en todos os ámbitos da vida cotiá das persoas con discapacidade*
- *Na súa elaboración, participou en conxunto todo o Goberno galego, as entidades de iniciativa social implicadas neste eido, e representantes da Administración local*
- *Para a súa redacción, realizáronse máis de 40 reunións de traballo, nas que participaron máis de 60 persoas*
- *O Plan artéllase ao redor de 10 áreas de intervención, cun total de 38 obxectivos específicos*
- *En conxunto, trátanse de 297 medidas que incidirán, entre outros eidos, no emprego, na asistencia social e sanitaria, sen esquecer a cultura e o lecer*

O Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade 2010-2013 recolle máis de 190 actuacións novas dirixidas a mellorar a calidade de vida deste colectivo en todos os eidos, ás que se suman máis dun cento doutras medidas que se reforzan e se visibilizan.

O Consello da Xunta aprobou este Plan, que contou coa implicación do conxunto do Goberno galego e das entidades de iniciativa social, en tanto propón unha estratexia transversal co fin de incidir en todos os ámbitos da vida cotiá das persoas con discapacidade: desde o emprego, ata a cultura; tendo en conta tamén a asistencia. En total, para terminar a redacción deste Plan, realizáronse máis de 40 reunións de traballo, nas que participaron máis de 60 persoas.

Trátase da primeira vez que en Galicia traballan conxuntamente a Administración autonómica, representantes das entidades locais, o movemento asociativo, e axentes integrantes do Diálogo Social co fin de consensuar unha política común en materia de discapacidade.

Actualmente, hai en Galicia máis de 212.000 persoas que padecen algún tipo de discapacidade dos distintos tramos de idade, a pesares de que entre os 55 aos 64 anos aglutínase o maior número de persoas.

Por iso, co fin de abordar de xeito integral esta diversidade, o Plan artéllase ao redor de 10 áreas de intervención, cada unha delas cos seus obxectivos específicos. Os núcleos de acción son os seguintes: protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; e cultura, deporte e tempo de lecer.

En total, suman un total de 297 actuacións, englobadas en 38 obxectivos específicos, que se prolongarán de 2010 a 2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Medidas específicas**

Na primeira área, de protección de dereitos, pódese destacar a elaboración de guías informativas sobre a protección xurídica e discapacidade, así como guías de boas prácticas para profesionais da comunicación. Tamén se protocolizará, xunto co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e outros axentes implicados, o proceso de traslado e ingreso involuntario en centros de servizos sociais.

Pola súa banda, no segundo obxectivo para garantir a igualdade de oportunidades, unha das actuacións que se abordará é a realización dun estudo da discapacidade en Galicia, con perspectiva de xénero.

O terceiro núcleo de actuación busca garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade. Neste ámbito, cabe destacar a modificación da Lei galega de accesibilidade, unha reforma que será realizada por un grupo de traballo mixto entre administración e axentes sociais. Tamén se abordarán as adaptacións precisas para facer accesible ás persoas con discapacidade auditiva os teléfonos da Muller e o do centro de emerxencias 112.

A cuarta área de intervención ten como obxectivo promover a autonomía e a plena inclusión do colectivo con discapacidade. Neste eido está previsto promover novos sistemas de teleasistencia avanzada, ao tempo que se mantén o dispositivo actual. Contémplase, ademais, o aumento progresivo do número de unidades do transporte adaptado do 065.

O quinto núcleo de acción céntrase na educación. Entre outras actuacións, recolle unha nova regulamentación sobre a atención á diversidade, un manual de boas prácticas docentes para o profesorado universitario na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo; e prevé estender ás tres universidades galegas o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.

Na área de formación e emprego, o sexto obxectivo xeral, busca formar ás persoas para a súa incorporación ao mercado laboral. Así, avanza na dotación dos centros propios de formación da Consellería con equipamento adaptado ás persoas con discapacidade, e darase un novo enfoque á figura do orientador laboral.

Recursos e servizos

O sétimo núcleo de acción trata de mellorar os recursos e servizos para as persoas con discapacidade. Así, crearanse e poranse en marcha ata 2013 novos centros de atención e unidades especializadas -desde o comezo da lexislatura, xa se levan posto en marcha 548 novas prazas, un 12,65 por cento máis.

A oitava área de intervención busca garantir a prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade. Para conseguilo, entre outras actuacións, elaborárase un mapa de recursos sociosanitarios de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O noveno núcleo de actuación céntrase en universalizar a atención temperá e mellorar a súa calidade. Con este fin, elaborárase un decreto regulador da atención temperá en Galicia e crearanse novas Unidades de desenvolvemento infantil e apoio á familia (UDIAF). Tamén se promoverán accións formativas no ámbito universitario relacionados con esta temática. Para complementar estas actuacións, xa se está traballando no deseño, na elaboración e na publicación un Plan de atención integral para menores de 0 a 3 anos, en situación de dependencia ou en risco de padecela.

Por último, o décimo obxectivo aborda tamén a perspectiva da integración do colectivo nas actividades culturais, deportivas e recreativas. Así, por exemplo, inclúiranse criterios de accesibilidade nas ordes de axudas para obras e instalacións e para as actividades culturais e de tempo de lecer. Nos cursos de formación de profesionais de técnicos do deportes, integrárase un módulo básico de deporte adaptado. Garantírase, ademais, unha cota de participación dun sete por cento para as persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.